




# FISTERRA

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 7 km (circular)

**Dificultade:** media

**Duración:** 3 horas



Faro de Cabo Fisterra



As Pedras Santas

Unha ruta circular na península de Fisterra para gozar das impresionantes vistas do “fin da terra”, nun lugar cheo de simbolismo, lendas e tradicións. Desde o cume do Facho podemos contemplar a enseada de Fisterra, o monte Pindo e a costa ata o monte Louro e máis alá, se está bo tempo. Cara ao norte vese o cabo da Nave.

**COMO CHEGAR:**

Desde Fisterra cóllese a estrada que vai ao Faro e déixase o vehículo a carón da igrexa de Santa María, onde se incia a ruta a pé.

Outra alternativa é facer a ruta desde o faro e rematala á caída do sol.



Vista desde o monte Facho sobre o istmo de Fisterra. Á esquerda a praia de Mar de Fóra e o Cabo da Nave.



Solpor coa illa Centolo.